

CRITERIOS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO E PUNTUACIÓN

CEIP RAMÓN CABANILLAS

Cando non haxa postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou admisión, para determinar a orde de prelación do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios:

- A) Por 1 irmán matriculado no centro: **8 puntos**. 2º irmán e seguintes, matriculado no centro: **2 puntos cada un**, até un **máximo de 14 puntos**.
- B) Proximidade ao centro docente do domicilio ou do traballo: Por proximidade do **domicilio familiar** dentro da área de influencia do centro: **8 puntos**; de áreas limítrofes á área de influencia do centro: **4 puntos**. Proximidade ao centro docente do **traballo** dentro da área de influencia do centro: **6 puntos**; de áreas limítrofes á área de influencia do centro: **3 puntos**.
- C) Por **renda per cápita da unidade familiar**. A puntuación, por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do exercizo fiscal ao que corresponde a renda, será a seguinte: 1. Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: **3 puntos**. 2. Se é igual ou superior ao 0,5 veces o IPREM: **2 puntos**. 3. Se é igual ou superior ao 0,75 veces o IPREM: **1 punto**. 4. Se é igual ou superior ao IPREM: **0 puntos**.
- D) Por proxenitor, titor ou acolledor **traballador do centro** docente: **3 puntos**. (con independencia de que traballen ambas)
- E) Por **familia numerosa**: Categoría especial: **3 puntos**. Categoría xeral: **1 puntos**.
- F) **Irmáns de partos múltiples que soliciten no mesmo centro**: Se son dous: **8 puntos**. Se son máis de dous: **10 puntos**.
- G) **Familia monoparental**: **2 puntos**.
- H) Por **discapacidade igual ou superior ao 33%**: Dalgún membro computable da unidade familiar: **4 puntos**. Do alumno/a: **4 puntos**. Calquera dos proxenitores, titores ou acolledores, o o novo cónxugue ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: **3 puntos**. Calquera dos irmáns: **1 punto por cada un**.
- I) Por condición de **vítima de violencia de xénero** de calquera dos membros computables da unidade familiar: **2 puntos**.
- J) Por condición de **vítima de terrorismo** de calquera dos membros computables da unidade familiar: **2 puntos**.
- K) Por **criterio complementario**, o CEIP Ramón Cabanillas establece que a familia escolla como primeira opción este centro educativo terá: **1 punto**.

En caso de empate na puntuación total resolverase atendendo a maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo referidos, seguindo a mesma orde o apartado 1 do artigo. De manterse o empate resolverase por sorteo público do 23 de febreiro.